

ACTA DE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA CUBRIR CON CARÁCTER TEMPORAL UNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, ADSCRITA Á AREA OBRAS E SERVIZOS, ENCADRADA NO GRUPO IV/V DO CONCELLO DE MEIS, E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE AGARDA

No Mercado de Gando do Concello de Meis (Camiño da Gándara, 6 – O Mosteiro, Meis), sendo as 09:30 horas do día 12 de xuño de 2025, reúnense os membros do tribunal cualificador do proceso de selección para a provisión, mediante concurso-oposición, dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2025-0244, de data 25 de abril de 2025, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 82, do venres 2 de maio de 2025.

Estando presentes:

- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: D. Rodrigo Parada Vázquez, Operario do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. Juan Manuel Gómez Torres, Operario da Mancomunidade do Salnés ou persoa que legalmente o substitúa.

Escusa a su asistencia, por motivos laborais, o vogal D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

A Sra. Presidenta declara validamente constituído o Tribunal, ao contar coa presenza da Presidenta, Secretario e a maioría dos seus membros, de conformidade co artigo 17.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Aberto o acto, compróbase que comparecen á proba os nove aspirantes admitidos no proceso selectivo:

	APELIDOS E NOME	DNI
1	ABAL RUIBAL DAVID	**9300***
2	BARCALA ABALO ALEJANDRO	**6314***
3	CALVO ESTÉVEZ DEMETRIO	**8200***
4	CAPPA SANZ ALAN	**4057***
5	DACOSTA GONZÁLEZ JUAN	**4850***



6	GARCÍA RODRÍGUEZ PABLO	**1319***
7	MARTÍNEZ LODEIRO MIGUEL	**4807***
8	RODIÑO GRAÑA MIGUEL	**0757***
9	SEIJAS SILVA JOSÉ LUIS	**8185***

A oposición consiste no desenvolvemento dunha proba obrigatoria e eliminatória de carácter práctico.

O programa que rexe na proba práctica é o que figura como anexo II das bases da convocatoria.

O período de tempo para a realización deste exercicio establécese en función da natureza da proba.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a setenta (70) puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 35,00 puntos para considerar superada a proba, dado o seu carácter eliminatorio. Correspóndelle ao tribunal determinar cal é o nivel mínimo de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima. As persoas que non obteñan esta puntuación mínima serán eliminados.

A estes efectos, a proba práctica consiste na resolución de dous supostos prácticos propostos polo tribunal relativos ás funcións propias de operarios de servizos múltiples e relacionados coas tarefas ou funcións propias da praza convocada e/ou relacionadas coas materias incluídas no programa do Anexo II:

- 1ª proba: Condución e manexo do tractor rozador, cunha puntuación máxima de 50 puntos sobre o total de 70 puntos.
- 2ª proba: Acendido de soprador, máquina rozadora e cambio de fíos, cunha puntuación máxima de 20 puntos sobre o total de 70 puntos.

A fixación dos criterios e parámetros de corrección faise con carácter previo ao comezo da corrección da proba, sendo informados *in voce* os aspirantes que comparecen antes da realización do exercicio.

Efectuadas as probas, os aspirantes obteñen os seguintes resultados:

	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN PROBA TRACTOR ROZADOR	PUNTUACIÓN PROBA OUTRA MAQUINARIA	PUNTUACIÓN TOTAL	CUALIFICACIÓN
1	GARCÍA RODRÍGUEZ PABLO	15	10	25	NON APTO
2	MARTÍNEZ LODEIRO MIGUEL	15	10	25	NON APTO
3	CALVO ESTÉVEZ DEMETRIO	15	10	25	NON APTO
4	RODIÑO GRAÑA MIGUEL	30	10	40	APTO
5	DACOSTA GONZÁLEZ JUAN	35	15	50	APTO
6	CAPPA SANZ ALAN	15	10	25	NON APTO
7	ABAL RUIBAL DAVID	30	15	45	APTO
8	BARCALA ABALO ALEJANDRO	40	15	55	APTO
9	SEIJAS SILVA JOSÉ LUIS	45	15	60	APTO



En virtude do anteriormente exposto, considerando as bases de selección e a nota de corte, resulta que as persoas que teñen unha puntuación igual ou superior a 35,00 puntos, son APTAS, provisionalmente, ata a publicación das puntuacións definitivas.

Igualmente, compróbase que o aspirante DACOSTA GONZÁLEZ JUAN, con D.N.I. número **4850***, NON acredita na documentación que achega na solicitude o coñecemento do galego (CELGA 2 ou título equivalente). **A estes efectos e de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo, o Tribunal acorda convocar ao aspirante ás 10:00 horas do próximo mércores día 18 de xuño de 2025, nas Oficinas da Casa Consistorial do Concello de Meis (Avda. Cambados, 67 – O Mosteiro, Meis) para a realización da proba do coñecemento da lingua galega.**

O exercicio consistirá na tradución directa dun texto, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto será elixido polo Tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, as puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://meis.sedelectronica.gal>.

Concedese un prazo de dous (2) días hábiles para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se conta desde o día seguinte á data de publicación da presente acta que contén os resultados dos exercicios da fase oposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://meis.sedelectronica.gal>.

Rematado o prazo de alegacións, e resoltas estas, o tribunal publicará os resultados definitivos dos exercicios da fase de oposición no taboleiro da sede electrónica <https://meis.sedelectronica.gal>.

Finalizada a fase de oposición, as persoas que a superen e reúnan os requisitos da convocatoria, presentarán a documentación relativa á fase de méritos no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados definitivos da fase de oposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://meis.sedelectronica.gal>.

E non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as doce horas e trinta minutos do xoves día doce de xuño de dous mil vinte e cinco, a señora Presidenta da por concluída a reunión do Tribunal Cualificador, levantando a sesión e para a súa constancia expídese a presente acta, que consta de tres folios, da que como Secretario dou fe, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

